



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

Expediente 2020/X999/001830

MARINA NÚÑEZ ORJALES, secretaria do Concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña),

CERTIFICO:

4º.- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

O presidente, deu conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Deportes, de data 25/02/2021.

O expediente ten a referencia 2020/X999/001830.

Os antecedentes son os seguintes:

- O Concello das Pontes dispón dun regulamento de réxime interno para a piscina municipal aprobado por acordo plenario de 07/05/2002, publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, numero 171, de data 27/07/2002.
- A través da Concellería de Deportes do Concello, ten a intención de seguir a fomentar a práctica da actividade físicodeportiva entre toda a poboación do concello como parte integradora do seu estilo de vida e cos beneficios saudables e socializadores que conleva. Ademais, pretende aprobar un novo regulamento para dotar dunha maior seguridade xurídica ás relacións entre as persoas usuarias e o concello ou empresa que, no seu caso, preste o servizo.
- En data 06/07/2020, publícase na sede electrónica do concello unha memoria para os efectos de realizar o trámite de consulta pública previa que reflicte o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) e co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de aprobación das normas de natureza regulamentaria, substanciase unha consulta pública, por un prazo de quince (15) días hábiles.
- Transcorrido o prazo indicado, presentouse unha suxerencia para a redacción do regulamento tal e como consta no certificado expedido ao efecto.
- A proposta do texto do regulamento a asina o concelleiro delegado da área de Deportes, en data 12/02/2021.
- O oficial administrativo do departamento de deportes emitiu informe en data 12/02/2021.
- A secretaria municipal emite informe xurídico favorable a tramitación do regulamento en data 15/02/2021.

Deseguido sométese o expediente a votación.

O Pleno á vista dos antecedentes e do disposto nos artigos artigos 4.1.^a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 6.1.^a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e do artigo 2.1 c) da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, acorda por unanimidade dos 10 membros presentes no acto (1 do BNG; 2 do Grupo Mixto, representante do PP e representante de [Xunt@s](#) por As Pontes e 7 do PSdeG-PSOE):



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

- 1º) Aprobar inicialmente o regulamento de réxime interno da piscina municipal climatizada do concello das Pontes de García Rodríguez.
- 2º) Abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións. O acordo de aprobación inicial someterase a información pública mediante a publicación do mesmo, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web.
- 3º) Entender definitivamente adoptado o acordo até entón provisional para o caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión e, nese caso, publicar no BOP o texto íntegro do regulamento de réxime interno da piscina municipal climatizada do concello das Pontes de García Rodríguez.

O regulamento é o seguinte:

“REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1º

O obxecto deste regulamento é regular o uso axeitado e o funcionamento da instalación de titularidade municipal denominada Piscina Municipal Climatizada do concello das Pontes, que comprende todas as instalacións (o edificio, os recintos, o terreo, os vasos, os equipamentos adscritos ao servizo ou que se habiliten para este servizo) e calquera que sexa a forma da súa prestación, directa ou indirecta, ou a través de contratista.

ARTIGO 2º

Para o non previsto neste regulamento rexerá o disposto no Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas, e no Decreto 119/2019, do 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia.

ARTIGO 3º

O Concello das Pontes persegue, na xestión das instalacións, os seguintes obxectivos:

- a) Promover o acceso da cidadanía ao deporte, con respecto escrupuloso dos principios de igualdade e non discriminación nin límite de idade, e á práctica deportiva, consciente de que a dita actividade leva consigo beneficiosos efectos sobre a saúde e a ocupación do tempo de lecer.
- b) Promover cursos de natación de diferentes niveis co obxectivo de propiciar o ensino da natación entre a poboación.
- c) Ampliar a oferta de servizos deportivos municipais aos que terá acceso a cidadanía e ampliar a cultura deportiva no municipio.

DEREITOS DOS/AS USUARIOS/AS

ARTIGO 4º

Os/as usuarios/as terán os seguintes dereitos:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

- Dereito a recibir información. Toda persoa que entra na instalación ten dereito a recibir información completa sobre a prestacións dos servizos e a ser atendidos con trato correcto e axeitado.
- Dereito ao uso da instalación. O/a usuario/a ten dereito a acceder e usar as instalacións deportivas, para o fin que lle son propias segundo o tipo de usuario/a e actividade.
- Dereito a protección de datos persoais. De conformidade coa Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, o concello e, no seu caso, a empresa prestadora do servizo comprométese a respectar a confidencialidade dos datos e a utilizalos de acordo á súa finalidade.
- Dereito a opinar e reclamar. O/a usuario/a terá dereito a suxerir ou reclamar calquera proposta ou formulación que considere oportuna, debendo recibir por parte do concello ou, no seu caso, da empresa prestadora do servizo, os medios para exercer este dereito. A tal efecto, a instalación disporá das correspondentes follas de reclamacións oficiais de conformidade coa normativa vixente.
- Dereito ao acceso, sen maior trámite que a súa mera petición, ao propio Regulamento do servizo, a toda a información pertinente sobre o funcionamento das instalacións, ás actividades físico deportivas e servizos en xeral que se ofrezan, á cobertura de riscos, e ás follas ou formularios de queixas, reclamacións e suxestións, cuxa regulación preverá.
- Así mesmo, poñerase a disposición dos usuarios/as nun lugar accesible e facilmente visible, a seguinte información:
 - A detallada no art.14 do RD 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas (controis realizados -inicial, rutina ou periódico-, indicando a data e hora de toma da mostra; situación de incumprimento e medidas correctoras; material divulgativo detallado no RD; sustancias químicas e mesturas utilizadas no tratamento; existencia ou non de socorrista e dirección e teléfonos dos centros sanitarios máis próximos e de emerxencias, normas de uso da piscina e dereitos e deberes dos usuarios).
 - Ademais, figurará:
 - A titularidade da instalación e da súa explotación, de ser o caso.
 - O horario de apertura e peche da instalación.
 - O aforamento de cada espazo deportivo.
 - Características esenciais da instalación e o seu equipamento.
 - Os prezos dos servizos que, no seu caso, se oferten.
 - A advertencia da existencia de follas ou formularios de queixas, reclamacións e/ou suxestións.

OBRIGAS DOS/AS USUARIOS/AS



ARTIGO 5º

Os/as usuarios/as terán a obriga de:

- Realizar un uso axeitado da instalación e servizos, coa observancia das normas sobre o seu funcionamento.
- Manter as normas elementais de hixiene e convivencia.
- Seguir as instrucións deste regulamento e as das persoas responsables do centro.
- A seguir as indicacións do/a socorrista dentro do recinto da piscina para unha mellor organización dos espazos e unha maior garantía de seguridade.
- Manter un comportamento cívico axeitado e respectuoso en relación ao persoal das instalacións e os/as outros/as usuarios/as do centro.
- Aboar as cotas nos períodos establecidos para isto.
- A inscrición en calquera actividade implica a aceptación deste regulamento.
- Identificarse sempre e cando o solicite o persoal responsable do centro dentro da instalación deportiva.
- Colaborar na recollida do lixo, debendo empregar as papeleiras e recipientes empregados para tal efecto, atendendo ás indicacións para o seu correcto tratamento.

DEREITOS E DEBERES DA EMPRESA PRESTADORA DO SERVIZO RESPECTO AOS/ÁS USUARIOS/AS

ARTIGO 6º

No caso de que o servizo o preste unha empresa, os seus dereitos e deberes serán os seguintes:

Dereitos da empresa prestadora do servizo:

- A prestar o servizo e percibir a retribución económica prevista.
- A organizar, estruturar e desenvolver as actividades e servizos propios.
- A aplicar o regulamento regulador do servizo.
- Os que se conteñan no contrato de prestación do servizo.

Deberes da empresa prestadora do servizo:

- Conservar e manter as instalacións en perfecto estado de funcionamento, limpeza e hixiene.
- Prestar o servizo do xeito disposto no contrato.
- Admitir o desfrute do servizo a toda persoa que cumpra os requisitos dispostos regulamentariamente, de acordo cos principios de igualdade, universalidade e non discriminación, mediante o aboamento, se é o caso, do pertinente ingreso de natureza non tributaria.
- Dispor dos medios materiais e persoais necesarios para a perfecta vixilancia da instalación e o control de accesos.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

- Garantir de forma permanente a apertura e uso das instalacións, salvo interrupcións ocasionadas por causas de forza maior (obras de ampliación, renovación e mellora), avarías e necesidades do servizo. Nos casos en que se produza a interrupción do servizo, a empresa deberá procurar, en todo momento, reducir o máximo o tempo de duración daquela, aportando os medios humanos e materiais necesarios para o seu restablecemento, para os efectos de causar o mínimo trastorno aos/ás usuarios/as.
- Manter a orde na instalación, así como de que se cumpran as normas contidas no presente regulamento e demais disposicións aplicables.
- Deberá comunicar aos/ás usuarios/as, calquera anomalía que afecte ao servizo.
- O persoal da instalación, manterá en todo momento un trato correcto e educado.
- Os que se conteñan no contrato de prestación do servizo.

ACCESO ÁS INSTALACIÓNS

ARTIGO 7º

- a) As instalacións deportivas encóntranse ao dispor da cidadanía que pretenda realizar actividades deportivas.

Con carácter xeral o horario da instalación é:

- Inverno:
 - Luns a venres de 8:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas
 - Sábados de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas
 - Domingos permanecen pechadas
- Verán (do 1 de xullo ata o 30 de setembro):
 - Luns a venres de 8:00 a 13:00 horas e de 17:00 a 22:00 horas
 - Sábados de 10:00 a 14:00 horas
 - Domingos permanecen pechadas

O concello poderá propor cambios no horario de apertura e peche en función da demanda de uso da poboación.

Datas de peche por convenio e datas sinaladas:

- 1 e 6 de xaneiro.
- 25 de xullo.
- 15 de agosto.
- 25 de decembro.
- As tardes do 24 e 31 de decembro e 5 de xaneiro, a partir das 14:00 horas.
- Os dous festivos locais.

O aforo das instalacións é de:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

- Vaso grande: 25 x 12,5 metros (104 persoas).
- Grada: o aforo será igual ao número das persoas sentadas.
- Sala *fitness*: (5 metros cadrados por persoa máis zonas dinamización).
- Sala actividades; o aforo do curso respectando sempre o máximo de 2 metros cadrados por persoa.

Limitacións do aforo

No caso de alcanzar o aforo máximo ou de prever alcanzalo a dirección do centro poderá limitar o acceso e daralle prioridade aos/ás abonados/as fronte aos/ás usuarios/as que queiran acceder mediante o pagamento dunha entrada. Tamén, previa consulta e autorización do concello, a dirección do centro poderá limitar a venda de abonos.

Non poderán entrar no recinto da piscina os menores de 12 anos que non estean acompañados dunha persoa adulta ou monitor/a de actividades colectivas, igual que os menores de 16 anos que non saiban nadar. Os nenos/as de 12 e 16 anos deberán ter unha autorización paterna/materna e saber nadar, esixíndolles igualmente un comportamento respectuoso coas normas da instalación. Os menores de 12 anos non poderán entrar na zona Spa.

Na sala *fitness* non estará permitida a entrada aos menores de 14 anos; entre 14 e 16 anos terán que vir acompañados dunha persoa adulta ou monitor/a e deberán presentar unha autorización paterna/materna e igualmente mostrar un comportamento axeitado e respectuoso coas normas e cos/coas demais usuarios/as.

O concello, ou de ser o caso, a empresa prestadora do servizo, resérvase a facultade de solicitar o Documento Nacional de Identidade ou calquera outro documento acreditativo da personalidade a todas as persoas que accedan á instalación municipal.

O concello, ou de ser o caso, a empresa prestadora do servizo, anunciará cun mínimo de 72 horas o peche da instalación, por motivos de limpeza, realización de labores de mantemento e renovación da auga dos vasos, competicións ou eventos, salvo noutras causas de forza maior que se procurará notificar da forma máis dilixente posible; en todos estes casos os/as usuarios/as non terán dereito a indemnización.

a) O acceso ás instalacións pódese realizar mediante os seguintes procedementos:

1 - Abonado/a nas súas diferentes modalidades.

O abonado/a ten dereito á utilización da instalación sen máis restrición horaria que o de apertura da instalación.

Para acceder á instalación terá que estar ao corrente do pagamento que corresponda ou utilizar o sistema acreditativo, persoal e intransferible, que se lle facilite ao darse de alta no centro, e que posibilita o acceso automático polos dispositivos de control de acceso.

O concepto de abonado/a ten carácter intemporal, o/a usuario/a permanecerá de alta ata que comunique a súa baixa ou incumpra algunha das obrigas deste regulamento. O cobro fraccionarase en mensualidades de acordo coa ordenanza correspondente, e realizarase mediante domiciliación bancaria mensualmente, a excepción do primeiro pagamento do mes da alta que poderá ser en efectivo ou con outros medios de pagamento electrónico na recepción da instalación.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

O/a abonado/a terá acceso, con reserva previa, ás actividades de libre acceso programadas só para abonados/as, sen máis límite que o aforo da sala e o cumprimento das normas.

Tamén terá acceso prioritario á inscrición nas actividades organizadas de non libre acceso, ben por reserva de prazas ou ben por reserva de franxa horaria.

A condición de abonado/a perderase cando se incumpra a obriga de pagamento nos prazos que se determinen. Unha vez se dera de baixa a un/ha usuario/a por incumprimento na obriga de pagamento, este non poderá darse de alta de novo mentres non estea ao corrente de pagos pendentes.

A matrícula de abonado/a deberá ser pagada no momento da inscrición; no suposto de que a persoa cursara baixa na instalación por un período de 15 días esta terá que volver a aboar a matrícula para anotarse outra vez. Se leva un mes sen asistir, agás causa xustificada, perderá a condición de asistente ao curso.

2 - Asistentes aos cursos

Os/as asistentes ao curso inscríbense nun curso dirixido por un/ha monitor/a. Os cursos poderán ser de actividades acuáticas ou de sala, e á súa vez poderán ser exclusivamente para abonados/as ou para abonados/as e asistentes ao curso. O/a asistente ao curso ten dereito a asistir ao curso elixido, no día, horario e lugar marcado para o desenvolvemento do mesmo. No caso de non ser abonados/as o acceso a instalación realizarase 15 minutos antes do inicio da actividade e a hora de saída da instalación será de 15 minutos despois de finalizada. Ten dereito a formación, corrección, supervisión e seguimento por parte do monitor/a. Ten a obriga de pagar os prezos correspondentes a ese curso. O concello ou, no seu caso, a empresa prestadora do servizo, será a encargada de programar nas diferentes franxas horarias as actividades e cursos que sexan só para abonados/as ou para abonados/as e asistentes ao curso e dentro destas últimas determinar as prazas reservadas para os/as abonados/as.

Unha vez se dera de baixa a un/ha asistente a un curso por incumprimento na obriga de pago, este non poderá ser alta de novo mentres non estea ao corrente de pagos pendentes.

A matrícula para o curso deberá ser aboada ao principio de cada inscrición nun curso; no suposto de que a persoa cursara baixa nese curso polo período de 15 días esta terá que volver a aboar a matrícula para anotarse outra vez a ese ou a outro curso. Se leva un mes sen asistir, agás causa xustificada, perderá a condición de asistente ao curso

3 - Colectivos e grupos organizados, mediante as modalidades de alugamento total ou parcial da instalación, previa autorización do concello, no caso das rúas cedidas a este organismo, e da empresa prestadora do servizo.

Son os grupos que contratan un servizo para un día e hora e durante un período de tempo determinado. O servizo do que dispoñan determinarase mediante acordo, por escrito, entre a empresa prestadora do servizo e o dito colectivo.

Os grupos de natación escolar, clubs e outros colectivos específicos, virán sempre acompañados dun/ha encargado/a, o/a cal será en todo momento responsable do grupo dentro da instalación. No caso de grupos de menores, se empregan varios vestiarios, terán unha persoa responsable por vestiario, encargada de velar polo uso adecuado



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

deste, e non poderá abandonar o vestiario ata que saia o último/a deportista do seu grupo, ademais, a persoa encargada será a primeira en entrar e a última en saír; non poden quedar persoas do colectivo na instalación. Nos supostos de realización de competicións nas piscinas corresponderalle á entidade organizadora o control da orde no recinto, tanto na zona de vasos, como vestiarios e bancada, e responsabilizarase do adecuado uso das instalacións, tendo a entidade organizadora as mesmas obrigas e dereitos que as persoas físicas que contempla este regulamento.

4.—Entradas de uso libre

Son as persoas que acceden puntualmente á instalación cunha entrada de uso libre. Terán acceso á instalación durante un tempo máximo de 90 minutos continuados comprendendo dentro dese tempo o necesario para cambiarse, é dicir, só os habilita para entrar unha vez. Poden utilizar os vestiarios e os espazos non reservados para abonados/as ou asistentes ao curso.

Por motivos de seguridade pódese pedir aos/ás usuarios/as que presenten DNI, ou calquera outra documentación acreditativa da súa idade, ao comprar a entrada.

INSCRICIÓN EN CURSOS E ACTIVIDADES

ARTIGO 8º

- a) Os veciños/as do Concello das Pontes terán preferencia sobre os/as veciños/as de calquera outro concello para a realización das inscricións nas diferentes actividades.
- b) Os requirimentos para adquirir a condición de abonado son os seguintes:
 - Cubrir todos os datos de inscricións
 - Fotocopia do DNI (en caso de abono familiar, fotocopia de todos os beneficiados do abono).
 - Fotocopia do número de conta bancaria, onde aparecen o nome dos titulares da conta (darase tamén o DNI do titular en caso de non corresponder coa persoa que se vai inscribir).
 - En caso de ser parella de feito, é imprescindible presentar o certificado de convivencia, ou equivalente, expedido polo concello.
- a) Todas as persoas que desexen inscribirse nun curso, actividade ou abono, deberán cumprimentar o formulario de inscrición correctamente no momento da inscrición. É necesario achegar os datos bancarios, para a domiciliación do recibo, antes do día 15 do mes no que se formaliza a matrícula. No caso dos menores de idade, a folla de inscrición, asinada polo pai/nai ou titor/titora legal do/a menor. Se ten acceso a unha tarifa especial presentará no momento da inscrición a documentación acreditativa de tal circunstancia.
- b) O alumnado quedará inscrito nun curso tras satisfacer a cota do curso de conformidade coa ordenanza reguladora, e cumprir con todos os trámites de inscrición. A inscrición non causará efecto mentres non se cumpran con todos os requisitos establecidos.
- c) Forma de pagamento: a matrícula, o abono do primeiro mes e o curso escollido, se fose o caso, pagaránse en efectivo ou a través de medios electrónicos de pago na



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

recepción no momento de formalizar a inscrición. Os demais pagamentos faranse por domiciliación bancaria, de acordo cos datos facilitados na folla de inscrición; de prestarse o servizo por parte dunha empresa, será obriga dela o ingreso nas arcas municipais nos 5 días hábiles seguintes á finalización do período de devolución de recibos domiciliados.

- d) Para se dar de baixa no abono ou no curso será necesario comunicalo por escrito, a través dos formularios dispoñíbeis para o dito trámite, ao concello ou, de ser o caso, á empresa prestadora do servizo, antes do día 20 do mes anterior ao que se produce a baixa efectiva; os/as abonados/as e asistentes ao curso dados de baixa que no futuro queiran reincorporarse á instalación deberán realizar novamente todos os trámites de alta.
- e) A renovación dos cursos e programas con límite de prazas realizarase a través da domiciliación bancaria, e deberase comunicar a baixa antes do día 20 do mes anterior. A partir dos días 27 e 28, exceptuando que cadren en sábados, domingos e festivos, que correrán ao seguinte día hábil, ofertaráselle aos interesados/as, e por rigorosa orde de chegada, as prazas vacantes en cursos de actividades de sala e cursos de piscina respectivamente. No caso de que se habilitara unha ferramenta informática para a inscrición dos cursos complementaranse ambos os sistemas, sendo a hora de apertura de eses días a hora de inicio da exposición das prazas.
- f) As cotas correspondentes a bonos ou entradas para uso e desfrute dos diferentes servizos aboaranse no momento de acceder á instalación.
- g) Calquera trámite de cambio de horarios ou actividades deberá solicitalo na recepción da instalación, cubrindo os impresos establecidos para tal efecto. En ningún caso o cambio se dará por validado mentres non sexa comunicado polo persoal da instalación.
- h) Os cambios internos de persoas xa inscritas, xa sexan de nivel, que propoñan as persoas empregadas do centro, ou de grupo ou/e hora solicitado polo cliente, resolveranse antes de ofertar as prazas liberadas (por baixas, cambios de nivel, hora ou de actividade durante o mes,) o día 27 ou 28 de cada mes para novas inscricións.

NORMATIVA DE USO DAS INSTALACIÓNS

ARTIGO 9º

A) XERAL:

1. Recomendacións:

- 1.1. Utilizar a vestimenta e calzado axeitado
- 1.2. Hidratarse antes, durante e despois do exercicio
- 1.3. Antes de empezar a actividade é necesario un bo quecemento
- 1.4. Non utilizar xoias, aneis, cadeas, etc.
- 1.5. Seguir as indicacións do persoal técnico.
- 1.6. Antes de empezar, e se leva tempo sen facer exercicio, consultar co médico.

1. Básica:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

- 1.1 O concello dispón dun seguro de responsabilidade civil da instalación. O concello esixirá este seguro a empresa prestadora do servizo.
- 1.2 Nin o concello nin, no seu caso, a empresa prestadora do servizo se responsabilizan da perda, cambio, roubo ou deterioro dos enseres persoais depositados nos vestiarios nin en outras partes das instalacións.
- 1.3 Os/as usuarios/as dispoñen dun servizo de armarios para gardar os efectos persoais.
- 1.4 Non está permitido dentro da instalación desprazarse con patinetes, triciclos, monopatíns, carrilanas ou calquera medio similar que non sexa motivado polas necesidades propias derivadas dunha discapacidade.
- 1.5 O/a usuario/a (abonado/a ou asistente ao curso) afirma coñecer e comprometese a respectar esta normativa no momento de asinar a folla de inscrición.
- 1.6 Respectar os horarios e espazos destinados ás diferentes actividades.
- 1.7 É obrigatorio seguir as indicacións do persoal respecto a esta normativa.
- 1.8 O persoal do centro está autorizado pola dirección do centro (e do concello das Pontes) para facer cumprir e respectar a normativa vixente.
- 1.9 O material didáctico utilizado ou prestado (tanto na piscina como nas salas) debe colocarse no seu sitio despois do seu uso.
- 1.10 Non está permitida a entrada ás instalacións, a persoas que padezan enfermidades infecciosas o contaxiosas, especialmente afeccións cutáneas.
- 1.11 Non se permitirá a entrada nos distintos espazos deportivos, dun número de usuarios/as superior ao aforo máximo permitido.
- 1.12 Non se permite o acceso ao recinto con animais, agás cans guía.
- 1.13 O acceso a menores de idade virá determinado pola normativa específica de cada espazo e/ou actividade
- 1.14 Non se permite fumar en todo o recinto deportivo: Lei 42/2010
- 1.15 Está prohibido o uso de cámaras fotográficas e vídeo sexan do tipo que sexan, incluída a funcionalidade do móbil ou outros dispositivos nese sentido sen autorización previa do concello ou, no seu caso, da empresa prestadora do servizo.
- 1.16 O uso antihixiénico ou incorrecto das instalacións pode ser motivo de expulsión e perda da condición de abonado/a (socio/a).
- 1.17 Deberase gardar o debido respecto aos/ás demais usuarios/as, observando a compostura necesaria para a boa convivencia.
- 1.18 Deberanse respectar os equipamentos e os espazos. O feito de realizar un mal uso e ocasionar deliberadamente ou negligentemente danos na instalación e/ou no material poderá implicar a obriga de repoñer os mesmos.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

- 1.19 Non se poderán introducir nas instalacións deportivas elementos ou obxectos que poidan causar lesión, deteriorar os equipamentos ou turbar a tranquilidade dos/as usuarios/as.
- 1.20 Deberanse respectar os horarios de funcionamento da instalación. Non se poderá permanecer nas instalacións, despois do peche, sen estar autorizado/a.
- 1.21 Deberanse abandonar os espazos deportivos 15' antes da hora de peche da instalación.
- 1.22 As gradas permanecerán pechadas ao público, abrindo unha vez ao mes para o seu acceso ou modificando ese período sempre que se estime conveniente.

B) NORMATIVA DE VESTIARIOS:

1. Básicas:

- 1.1. É obrigatorio o uso de zapatillas de baño axeitadas, para ducharse e camiñar polo vestiario.
- 1.2. Por razóns de hixiene, é necesario utilizar unha toalla para sentarse nos bancos.
- 1.3. Non se pode comer nos vestiarios.
- 1.4. Non está permitido afeitarse, depilarse, tinxirse ou calquera acción de hixiene persoal de carácter similar.
- 1.5. Deberase depositar o lixo nos receptáculos destinados para tal uso.
- 1.6. O/a usuario/a intentará en todo momento manter a hixiene do vestiario.
- 1.7. Non se permitirá o acceso aos vestiarios ás persoas que non vaian facer uso da instalación, exceptuando 1 acompañante por menor de 7 anos. Os menores de 7 anos, cando o/a acompañante non faga uso da instalación terán que cambiarse no vestiario infantil.
- 1.8. Os/as pais/nais con fillos/as con algún problema físico ou psíquico que non lles permita desenvolverse fóra da auga, solicitará un pase especial para acompañantes. Estes/as usuarios/as utilizarán o vestiario que lle corresponda indistintamente do sexo do/a asistente ao curso.
- 1.9. O/a usuario/a deberá gardar a debida compostura e decencia. Non está permitido berrar, correr nos corredores e en xeral toda actividade que poida molestar os/as demais usuarios/as.
- 1.10. Nin o concello nin, no seu caso, a empresa prestadora do servizo, fanse responsables dos obxectos perdidos ou esquecidos nos vestiarios.

1. Duchas e lavabos:

- 1.1 Por consideración con outros/as usuarios/as, a ducha debe utilizarse só durante o tempo necesario. Lembra que a auga é un ben escaso que non hai que malgastar.
- 1.2 Está prohibido utilizar botellas e outros envases de vidro.
- 1.3 Está prohibido afeitarse e depilarse.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

- 1.4 Está prohibido enxaugar roupa ou calzado nos lavabos.
 - 1.5 As billas e mandos das duchas deben manipularse con coidado.
 - 1.6 Farase un uso correcto dos útiles e bens que se poñan a disposición das persoas usuarias.
 - 1.7 Os/as acompañantes non poderán acceder as duchas, e de ter que facelo para asistir a un/ha menor terá que utilizar calzado axeitado, en ningún caso calzado da rúa.
2. Armarios:
- 2.1 Todas as persoas usuarias poden desfrutar dun armario de uso puntual dotado dun sistema de peche.
 - 2.2 Soamente se permite o uso dun armario por persoa.
 - 2.3 Nos bancos e colgadoiros non pode quedar roupa ou efectos persoais.
 - 2.4 Os armarios son de uso puntual e teñen que quedar libres unha vez finalizada a sesión. Revisaranse ao finalizar o día e deixaranse libres. Si se atopan obxectos, gardaranse na sección de obxectos perdidos por un tempo de 15 días.
 - 2.5 Deberase tratar a pechadura e a porta sen brusquidades.
 - 2.6 En caso de perda do cadeado ou de problemas coa pechadura, avisarase ao persoal de recepción.
 - 2.7 Nin o concello nin, no seu caso, a empresa prestadora do servizo, fanse responsables dos elementos de peche persoais utilizados que teñan que forzarse por mor de non deixar o armario libre ou por calquera outra circunstancia de forza maior.
3. Vestiarios infantís:
- 3.1 Vestiarios infantís: son de carácter mixto e están orientados a nenos/as con acompañantes adultas. Só se permitirá un/ha acompañante por neno/a.
 - 3.2 Os/as nenos/nenas até 7 anos deberán facer uso de calquera dos vestiarios infantís de carácter mixto sendo acompañados/as por seus pais/nais, familiares ou titores/as legais. A partir de 7 anos os nenos/as deberán cambiase sos e poderán utilizar os vestiarios mixtos ou os de persoas adultas.
 - 3.3 As persoas adultas que acompañen aos nenos/nenas non poderán entrar na zona de duchas; de facelo por necesidade dalgún menor deberán ir con calzado adecuado, en calquera caso non poderán acceder co calzado da rúa.

C) NORMATIVA DA PISCINA CLIMATIZADA

1. Básicas:
 - 1.1 Seguir e respectar as instrucións do/a socorrista
 - 1.2 A utilización que se determine das rúas, tanto de uso libre como de curso, estará en función da demanda existente, e poderán ser de nado lento, nado



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

rápido, nado de recreo ou relax, nado de adestramento ou rúas reservadas para asistentes a cursos ou outras demandas; no seu caso, será a empresa prestadora do servizo a que determine estes usos nas distintas franxas horarias.

- 1.3 Os/as usuarios/as que non sexan autosuficientes non poderán acceder á piscina salvo que se inscriban a un curso e soamente accederán no horario deste.
- 1.4 Os/as abonados/as terán acceso ao uso do material que a piscina deixe a dispor deles (fundamentalmente; táboa de natación, pullboy, churros..), colocándoo no seu lugar unha vez utilizado.
- 1.5 É obrigatorio o uso de gorro de baño.
- 1.6 O uso de pas e aletas. Este uso está restrinxido ao nivel de ocupación da piscina, polo que o/a socorrista será quen autorice en cada momento a posibilidade do seu uso, e nun espazo determinado.

1. Imprescindible:

- 1.1 Ducharse antes de entrar na auga.
- 1.2 Utilizar roupa de baño e zapatillas de goma axeitadas para este uso.
- 1.3 Respetar as zonas de entrada e saída das piscinas. Os/as usuarios/as deben asegurarse das diferentes profundidades dos vasos de piscina antes de facer uso desta co fin de evitar accidentes.
- 1.4 Respetar os niveis das rúas libres (rúas lentas e rúas rápidas, rúas de baño libre, etc.), os cales estarán debidamente sinalizados.
- 1.5 Nadar sempre pola dereita.

2. Non permitido:

- 2.1 Entrar con calzado e roupa da rúa.
- 2.2 As actividades que supoñan risco como: correr, saltar de cabeza, empurrar, apneas continuadas, flotadores inchables infantís, pelotas, colchonetas ou realizar xogos perigosos.
- 2.3 Cruzar as rúas, agarrarse ou sentarse nas cordas.
- 2.4 O acceso ao vaso con gomas de mascar, apósitos, ...
- 2.5 Acceder en caso de ter infeccións de pel, feridas superficiais e/ou enfermidades infecto – contaxiosas.
- 2.6 Levar mochilas de roupa ou efectos propios de deixar en vestiarios.
- 2.7 Comer e/ou acceder con recipientes de vidro.
- 2.8 A entrada no vaso co mesmo calzado co que se accede a el (escarpíns, calcetíns, sandalias...).



- 2.9 Os/as pais/nais que accedan con menores de 12 anos terán que acompañar os/as nenos/as en todo momento non podendo utilizar o vaso ou zonas diferentes aos que estean utilizando eles/elas.

D) NORMATIVA DA ZONA SPA:

1. Básicas:

- 1.1 Previo o seu uso é preciso consultar cun profesional médico sobre a utilización deste servizo.
- 1.2 Respecta os protocolos e tempos de uso que se recomendan nos circuitos establecidos.
- 1.3 Recoméndase o uso despois de realizar exercicio físico.
- 1.4 É importante un bo nivel de hidratación antes e despois dunha sesión.
- 1.5 O uso é para usuarios/as maiores de 12 anos; os menores de 16 deberán ir acompañados dun/ha adulto/a que será o responsable do correcto uso do menor desta zona.

2. Imprescindible:

- 2.1 A ducha previa antes de acceder á zona.
- 2.2 A ducha antes de acceder ao vaso cada vez que se saia de calquera da zona de spa.
- 2.3 O uso de traxe de baño e calzado de baño. Na sauna para sentarse ou deitarse debe utilizarse unha toalla de uso persoal. Para acceder aos pisos superiores hai que facelo descalzo.
- 2.4 Respetar o espazo doutros/as usuarios/as.
- 2.5 Por ser un espazo de relax é imprescindible non berrar nin falar alto.
- 2.6 Deberase manter sempre unha conduta correcta e decorosa.

3. Non está permitido:

- 3.1 O uso de xeles ou cremas de baño nin produtos similares.
- 3.2 Afeitarse nin depilarse.
- 3.3 Verter ningún tipo de líquido no calefactor de sauna e do baño turco.
- 3.4 Non se permite a entrada nos vasos co mesmo calzado co que se accede a eles (escarpíns, calcetíns, sandalias...).
- 3.5 O uso de xabóns ou produtos cosméticos nas duchas da piscina.

E) NORMATIVA DAS SALAS FITNESS:

1. Básicas:

- 1.1 Antes de facer exercicio é recomendable consultar cun profesional médico.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

- 1.2 O persoal técnico de sala *fitness* está para axudar e ensinar pautas de traballo e reorientar os obxectivos, así como o correcto uso do material da sala. É imprescindible seguir as súas indicacións.
- 1.3 Hidratarse de forma axeitada, antes, durante e despois da sesión.
- 1.4 Recoméndase utilizar un pulsímetro para asegurar a intensidade do esforzo durante a sesión.
- 1.5 O acceso á sala *fitness* ou a materiais da mesma poderá estar limitada por:
 - 1.5.1 Ser espazos ou materiais de servizos que requiren reserva previa.
 - 1.5.2 Ser espazos ou materiais de curso.
 - 1.5.3 Ser espazos ou actividades con acceso con limitación de idade.
2. Imprescindible:
 - 2.1 Utilizar roupa e calzado deportivo que non se utilizase na rúa.
 - 2.2 Levar unha toalla para utilizar nas máquinas e aparatos e secar a suor nos aparellos empregados.
 - 2.3 Facer un uso correcto das máquinas e aparatos, así como das pesas.
 - 2.4 Deixar libre os aparellos durante os tempos de descanso.
 - 2.5 Colocar o material no lugar correspondente unha vez utilizado.
 - 2.6 Respetar o tempo de uso máximo dos aparellos da zona cardiovascular en horas punta que estarán debidamente informadas na instalación, sempre que exista listaxe de agarda, será de 20'.
3. Non permitido:
 - 3.1 Inxerir alimentos sólidos.
 - 3.2 Usar recipientes de vidro.
 - 3.3 Levar a cabo tarefas de asesoramento ou adestramento a outros/as socios/as dentro da instalación. Este labor compete ao/á técnico/a presente na sala.
 - 3.4 A entrada con mochilas ou bolsos.
 - 3.5 Pedir ao persoal técnico que garden obxectos persoais.
 - 3.6 Adestrar co torso descuberto, con roupa ou calzado da rúa e con calzado non apto.

F) NORMATIVA DE RESERVAS:

Será preciso realizar unha reserva en actividades ou servizos que requiran dun espazo deportivo específico.

Entre as actividades que requiren una reserva previa destácanse as actividades dirixidas e as actividades puntuais.

1. Reservas en Actividades dirixidas:

Opción válida só para os usuarios/as que teñen a condición de abonados/as (socio/a).



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

1.1 Consideracións previas:

1.1.1 As reservas serán persoais. Non se pode reservar por outra persoa, aínda que estea dentro do mesmo abono.

1.1.2 Non se permite facer máis de dúas reservas da mesma actividade, no día.

1.1.3 Poderanse facer trocos na oferta de actividades e nos monitores/as que as imparten. A oferta publicarase o primeiro día de cada mes.

1.1.4 O número de prazas para a reserva online é do 100% do total.

1.1.5 Débese anular calquera reserva que non se vaia utilizar.

1.2 As reservas poderanse realizar a través das diferentes canles informáticas ou telemáticas que se poñan a disposición dos/as usuarios/as.

1.3 Características das reservas:

1.3.1 Posibilidade de facer reserva dende 48 horas de antelación.

1.3.2 Posibilidade de facer reserva ata 0 minutos antes do inicio da actividade.

1.3.3 Poderanse reservar ata un máximo de tres actividades por persoa e día.

1.3.4 Poderase cancelar a reserva ata 15 minutos antes de inicio da actividade polos medios que se poñan a disposición dos usuarios/as.

1.3.5 O período de validación das reservas realizadas empezará 5 minutos antes de comezo da actividade e finalizará xusto na hora na que comeza a mesma (minuto 0).

1.3.6 A validación realizarase segundo se determine en cada momento.

1.3.7 O inicio da actividade (minuto 0), quen non fixera a validación, perderá a reserva.

1.3.8 Con prazas libres ao inicio da actividade (minuto 0) o acceso e a validación son o mesmo proceso e finaliza pasados 5 minutos.

1.3.9 Non se poderá acceder ás actividades pasados 5 minutos do comezo das mesmas.

1.3.10 Nas actividades con reservas numeradas, será obrigatorio utilizar o espazo/elemento reservado.

1.3.11 Penalizacións: no caso de realizar reservas e non asistir á clase reservada sen anulala, aplicarase a seguinte penalización:

1.3.12 Cando unha persoa sume tres reservas sen asistir e sen anular, penalizarase cunha semana sen poder reservar ningunha actividade.

1.3.13 As indicacións do aforo por espazos está limitado en función das prazas ofertadas e a normativa vixente.

1. Actividades puntuais:



Para este tipo de actividades será a dirección técnica do centro a que comunique as normas que rexerán este tipo de actividades previa a súa realización en función das características destas e que terán que respectar as normas do propio RRI.

G) NORMATIVA DAS ACTIVIDADES DIRIXIDAS E CURSOS

1. Básicas:

- 1.1 O horario das actividades estará exposto para o coñecemento dos/as usuarios/as nos puntos de información habituais.
- 1.2 As actividades dirixidas realizaranse en salas específicas e na piscina.
- 1.3 As salas estarán pechadas durante as horas nas que non se impartan actividades.
- 1.4 Hidratarse de forma axeitada, antes, durante e despois da sesión.
- 1.5 Os menores de 16 anos non poderán asistir ás actividades dirixidas, excepto para as actividades programadas para a súa idade. Entre 14 e 16 anos o/a monitor/a poderá permitir o acceso sempre e cando se presente unha autorización paterna/materna, a actividade sexa apropiada ao seu nivel físico e técnico e mostrando un comportamento axeitado e respectuoso coas normas e cos/coas demais usuarios/usuarias.
- 1.6 O acceso ás salas de actividades ou a materiais das mesmas poderá estar limitada por:
 - 1.6.1 Ser espazos ou materiais de servizos que requiren reserva previa.
 - 1.6.2 Ser espazos ou materiais de cursos.
 - 1.6.3 Ser espazos ou actividades con acceso con limitación de idade.
- 1.7 Nas actividades acuáticas realizarase unha proba de nivel que determinará o seu nivel de natación que lle dará acceso a uns grupos determinados cuns horarios nos que se pode inscribir.
- 1.8 Nas actividades acuáticas os cambios de hora/actividade solicitaranse por escrito en recepción para analizar a dispoñibilidade de prazas e será o equipo técnico o que decida a viabilidade do cambio. No caso das actividades formativas, só se admitirán solicitudes para cambios dentro do mesmo nivel.
- 1.9 Nas actividades acuáticas, realizarase unha avaliación continua. No momento no que o/a asistente ao curso cumpra cos obxectivos do nivel, o equipo técnico comunicarllo ao interesado facilitándolle a incorporación no seguinte nivel, en función da ocupación do mesmo.
- 1.10 Nas actividades infantís, cando os menores de 7 anos veñan acompañados, o monitor/a faise responsable do/a neno/a no momento no que o/a monitor/a o/a recolle no vestiario e o/a devolve ao mesmo unha vez rematado o curso. Antes do inicio da actividade e despois de finalizar a mesma, a responsabilidade é dos acompañantes, tendo a obriga de estar nos vestiarios acompañando os menores antes da chegada do/a monitor/a e unha vez finalizada a actividade esperando polo/a monitor/a.



- 1.11 Os días festivos non haberá clases e estas non serán recuperables.
- 1.12 De ofertarse, para acceder ás clases de exercicios terapéuticos, necesitarase ter unha valoración previa do servizo de fisioterapia ou integral do departamento de saúde, sendo eles os encargados de prescribir o grupo e terapia apropiados para cada paciente.
2. Imprescindibles:
 - 2.1 Acceder aos espazos de actividades con reserva previa.
 - 2.2 Vestir con roupa deportiva e levar calzado axeitado (que non se usase na rúa).
 - 2.3 Utilizar o material correctamente, seguindo as indicacións do persoal técnico e colocando no lugar asinado ao finalizar a sesión.
 - 2.4 Acudir á sesión con puntualidade.
 - 2.5 Utilizar toalla nos exercicios que se realicen sobre unha colchoneta ou sobre calquera superficie de uso común.
 - 2.6 Respetar o aforo máximo en cada unha das actividades.
3. Non está permitido:
 - 3.1 Inxerir alimentos sólidos.
 - 3.2 Usar recipientes de vidro.
 - 3.3 A entrada con mochilas ou bolsos.
 - 3.4 Adestrar co torso descuberto, con roupa da rúa e con calzado non apto.
 - 3.5 Pedir ao persoal técnico que garden obxectos persoais.

H) NORMATIVA PARA COLECTIVOS

Ademais das normas xerais para os/a usuarios/as das instalacións, para as ANPAS e colectivos aplícanse as seguintes normas:

1. XERAIS PARA ANPAS E COLECTIVOS

- 1.1 A instalación ten unha actividade continua, hai máis usuarios/as á mesma hora, polo tanto, é obrigatorio respectar as zonas de paso e as indicacións do persoal da instalación, así coma os espazos reservados para os grupos.
- 1.2 Os/as acompañantes deben agardar no exterior dos tornos ou sistemas de control de acceso nunca dentro dos vestiarios.
- 1.3 Os/as monitores/as recollerán aos/as nenos/as uns 5 minutos antes do inicio da quenda para iniciar a actividade, e acompañaranos ata os vestiarios ó fin da quenda.
- 1.4 Deberanse respectar as normas internas da instalación.
- 1.5 Un dos obxectivos da actividade son o recreativo e educativo. Comezando polo uso correcto da instalación, orde e coidado da súa roupa, autonomía e independencia nas duchas, que aprendan a vestirse sós, respectar os compañeiros,



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

... o labor dos pais e nais e dos/as monitores/as no aspecto hixiénico, é de educación e control, non é facer o traballo dos/as nenos/nas

1.6 Calquera comportamento ou problema que se detecte comunicaráselle ao coordinador/a do grupo. Do mesmo xeito, o centro espera que se faga saber calquera suxestión ou problema que poida xurdir.

1.7 Para acudir ao centro formalizarase previamente un convenio de colaboración onde figurarán as características principais da colaboración.

1.8 O pagamento das reservas será por adiantado ao período contratado, o feito de non facer uso da reserva non lles dá a posibilidade de reclamar a devolución do importe aboadado

1. ANPAS

Ademais das citadas no punto 1 deste artigo e das normas xerais para os/as usuarios/as das instalacións, as ANPAS aplicaranse as seguintes normas:

- 1.1. Mínimo de 8 alumnos por grupo/nivel até un máximo de 16 segundo o nivel. Os listados dos/a nenos/as serán enviados 7 días antes do comezo da actividade, e o/a coordinador/a no prazo de 2 días dende a data de recepción confirmará as prazas. Unha vez confirmadas non se admiten variacións.
- 1.2. A actividade será unha sesión á semana, comeza en outubro e remata en maio, e seguirá o calendario escolar, é dicir, os días non lectivos non haberá clases extraescolares. As sesións son de 60 minutos.
- 1.3. A actividade vai dirixida a nenos/as de entre 4 e 14 anos, como mínimo estarán matriculados no 2º curso do 2º ciclo de infantil.
- 1.4. O primeiro día levarase a cabo unha proba de nivel de dominio acuático para organizar os nenos en grupos por niveis e idade.
- 1.5. Os accesos aos vestiarios abriranse 15 minutos antes da actividade. Accederá aos vestiarios o grupo ao completo. Recoméndase que os/as nenos/as se cambien sos, se necesitan axuda permítese como máximo unha persoa adulta por cada neno/a.
- 1.6. Non pode asistir ningún/ha neno/a a ningunha actividade que o/a coordinador/a non valide previamente
- 1.7. A indumentaria necesaria é: traxe de baño, chancletas (aínda que leven escarpíns) e gorro. Recoméndase o uso de gafas.
- 1.8. Utilizaranse os vestiarios infantís que se asignen coa autorización da actividade.
- 1.9. Por motivos de hixiene, na zona de duchas é obrigatorio o uso de chancletas, non podendo estar ningún con calzado da rúa.
- 1.10. Por motivos de organización interna non se poderán recuperar os días que non se acuda, xa que os grupos e as quendas están pechados. Cada neno/a ten que vir co seu grupo e figurar na lista deste.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

- 1.11. Para calquera consulta sobre o desenvolvemento da actividade ou seguimento do/a neno/a deberán dirixirse ao/a coordinador/a de actividades, ou a través de recepción, así mesmo durante a actividade é necesario que un/ha representante do ANPA estea localizable polo/a coordinador/a do centro. O/a coordinador/a e o/a responsable da actividade do AMPA serán a canle de comunicación válida para todas as incidencias que se produzan. Os pais e nais en ningún caso poderán dirixirse directamente ao monitor/a.
- 1.12. Nos vestiarios dispónse de armarios para deixar a roupa, nunca se poderá deixar na bancada. Os armarios garanten ademais da orde, a seguridade de que non faltarán as pertenzas de ninguén. A empresa non se responsabiliza de roubos ou perdas de material.
- 1.13. Para a actividade de natación haberá dúas xornadas de portas abertas, no mes de decembro e de xuño. Os pais e nais poderán acceder ao interior da piscina. Para poder acceder será necesario:
 - 1.13.1. Entrar ao interior da piscina 5 minutos despois do inicio da clase e saír 5 minutos antes do remate da mesma.
 - 1.13.2. Só se poderán sacar fotos ou filmar aos/ás nenos/as da familia e para iso será necesario solicitar por escrito o permiso correspondente.
 - 1.13.3. Deberase seguir, en todos os casos as indicacións do persoal responsable.
 - 1.13.4. O aforo máximo será o das persoas sentadas na grada da piscina.
- 1.14. O pagamento poderase facer por transferencia ou por domiciliación bancaria, e será un pagamento único polo montante dos participantes na actividade, no caso de transferencia deberase chegar antes de 15 días dende a data da confirmación das prazas un xustificante do ingreso no que figure o nome do AMPA que fai o ingreso con CIF e o concepto. No caso de domiciliación, o cargo farase ao final do primeiro mes de actividade.

2. CLUBS

Os clubs deberán estar de alta como tales e en cumprimento de todas as súas obrigas como entidades.

- 2.1. A actividade a desenvolver polos clubs, nas horas asinadas, será a propia dos adestramentos de deportistas para a súa preparación orientada a competición. Os/as deportistas deberán ter o nivel mínimo de perfeccionamento. Ante a dúbida do que signifique nivel de natación mínimo de perfeccionamento, este será determinado polo persoal técnico da instalación en base ao Programa técnico de auga vixente. O límite estará no paso de nivel dos niveis de aprendizaxe aos de perfeccionamento dos estilos.
- 2.2. Todo o grupo accederá e abandonará as instalacións ao mesmo tempo, incluíndo os seus monitores/as ou responsables.
- 2.3. Terá unha persoa de enlace entre os/as monitores/as e os/as pais/nais dos/as deportistas, interferindo o menos posible no desenvolvemento doutras actividades.
- 2.4. Terán o seu propio material didáctico ou deportivo e armarios propios para gardalos no lugar que lles indique a dirección da piscina.



- 2.5. A dirección da instalación marcará os espazos onde os/as deportistas dos clubs terán que gardar as súas pertenzas.
- 2.6. Respetarán os horarios asignados.
- 2.7. Contarán cun responsable por cada vestiario utilizado, sempre que algún/ha deportista do club estea utilizándoo, e serán responsables do comportamento destes e dos danos que puideran ocasionar.
- 2.8. Deberán presentar a documentación das titulacións dos/as monitores/as e os documentos acreditativos de estar de alta na Seguridade social, ficha federativa e certificado de delitos sexuais actualizado.
- 2.9. Deberán presentar o seguro de RC do Club.
- 2.10. Todo/a deportista terá que ter en vigor a licencia federativa. Para aqueles/as deportistas que non teñan a licenza en vigor, deberase presentar o seguro de accidentes correspondente.
- 2.11. O incumprimento de calquera destas normas específicas para colectivos motivará a apertura dun expediente e a prohibición do acceso á instalación, temporalmente, até a súa resolución.
- 2.12. O pagamento poderase facer por transferencia ou por domiciliación bancaria, e será un pago único polo montante dos participantes na actividade, no caso de transferencia deberase achegar antes de 15 días dende a data da confirmación das prazas un xustificante do ingreso no que figure o nome do club que fai o ingreso con CIF e o concepto. No caso de domiciliación o cargo farase ao final do primeiro mes de actividade.

I) NORMATIVA DE ALUGAMENTO

Ademais do contemplado no presente regulamento poderanse alugar instalacións a usuarios/as que o desexen.

J) NORMATIVA SERVIZOS DE SAÚDE

Dentro dos servizos do centro poderá poñerse a disposición dos/as usuarios/as o servizo integral de saúde; Fisioterapia, Nutrición e Asesoramento deportivo.

1. As reservas deberán aboarse no momento de producirse.
2. Rógase máxima puntualidade, no caso de chegar tarde a duración da sesión/tratamento verase diminuído en proporción ao atraso.
3. As reservas poderanse anular con 24 horas de antelación. A partir desta hora o/a paciente non terá dereito a devolución do importe.
4. Non se permite a entrada de acompañantes durante a sesión a excepción dos pais/nais ou titores/as legais dos/as menores de idade.
5. O/a paciente deberá esperar na zona habilitada para tal fin a que o/a fisioterapeuta, asesor/a ou nutricionista o/a chame para entrar.
6. A duración da sesión/consulta márcaa a necesidade do tratamento/información a recibir.



RÉXIME DISCIPLINARIO: PROCEDEMENTO INFRACCIÓNS, SANCIÓN E COMUNICACIÓN

ARTIGO 10º

A) INFRACCIÓNS:

As infraccións ás normas do presente regulamento clasifícanse en leves, graves e moi graves

1. Infraccións leves:

- 1.1. Non usar a debida dilixencia no uso da instalación e o seu equipamento.
- 1.2. Falta de puntualidade dos pais/nais/titores/as dos/as menores cando teñen que deixar ou, sobre todo, recoller os/as nenos/as despois das actividades.
- 1.3. Non atender as indicacións dadas polo persoal técnico.
- 1.4. Enganar ou ocultar información ao persoal da instalación en relación ao uso da mesma.
- 1.5. Non utilizar a vestimenta axeitada.
- 1.6. Devolver o recibo bancario do período contratado cando se fixera uso da instalación nese período e non querer facerse cargo do pagamento.

E en xeral, serán faltas leves o incumprimento da normativa do presente regulamento que non sexan tipificadas como graves ou moi graves.

2. Infraccións graves:

- 2.1. A perturbación da convivencia nas instalacións, que afecte de forma directa á tranquilidade ou ao exercicio dos dereitos lexítimos doutras persoas ou ao normal desenvolvemento das actividades que se realizan naquelas.
- 2.2. O impedimento do uso do espazo público ou do servizo a outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.
- 2.3. O impedimento ou a obstrución ao normal funcionamento do servizo.
- 2.4. Os danos ás instalacións ou elementos afectos ao servizo.
- 2.5. Falta de respecto ao persoal da instalación ou a outros/as usuarios/as.
- 2.6. Vandalismo.
- 2.7. A cesión do carné a outra persoa.
- 2.8. A reiteración en tres faltas leves nun período de 6 meses.

3. Infraccións moi graves:

- 3.1. A perturbación relevante e continuada da convivencia nas instalacións, que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio dos dereitos lexítimos doutras persoas ou ao normal desenvolvemento das actividades que se realizan naquelas, sempre que se trate de condutas que non teñan implicación penal.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

- 3.2. O impedimento total e continuado do uso do espazo público ou do servizo público por outra ou outras persoas con dereito a súa utilización.
- 3.3. Os actos de grave e relevante deterioro das instalacións ou elementos afectos ao servizo.
- 3.4. Agresión ao persoal ou aos/as usuarios/as das instalacións.
- 3.5. A reiteración de tres faltas graves nun período de 6 meses.

B.- SANCIONES:

- 1. O incumprimento do disposto neste regulamento poderá dar lugar á expulsión do recinto, con posterior perda, de ser o caso, da condición de abonado/a ou asistente a curso. Para a gradación das sancións anteriores, se se dera o caso, terase en conta a gravidade da infracción, a reincidencia e os prexuízos ocasionados aos/ás usuarios/as e/ou ás instalacións.
 - 1.1. As infraccións leves serán sancionadas coa perda do dereito ao uso por un prazo de 5 días a 1 mes (días hábiles de uso e a contar dende o momento da comisión da infracción) e ademais pode levar un apercibimento ou multa de até 100 euros.
 - 1.2. As infraccións graves serán sancionadas coa perda do dereito ao uso por un prazo de 1 mes a 1 ano (días hábiles de uso e a contar desde o momento da comisión da infracción), e ademais pode levar unha multa de 101 até 600 euros.
 - 1.3. As infraccións moi graves serán sancionadas coa perda do dereito ao uso por un prazo de 1 ano (días hábiles de uso e a contar desde o momento da comisión da infracción), até a perda de condición de abonado/a de forma indefinida, e ademais pode levar unha multa de 601 a 1500 euros.
- 2. Con independencia da imposición das sancións procedentes, se algunha infracción supuxese un deterioro, rotura ou fallo dalgún elemento da instalación deportiva, a persoa infractor/a deberá aboar o importe das reparacións ou reposicións de materiais que sexa preciso realizar.
- 3. O procedemento para a imposición de sancións rexerase polo establecido na Lei 40/2015 de réxime xurídico do Sector Público e pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, para o exercicio da potestade sancionadora ou normativa de aplicación correspondente.
- 4. Para todos os efectos, terán a consideración de responsables subsidiarios dos danos producidos as entidades organizadoras da actividade ou, de ser o caso, aquelas que efectuasen o alugamento de uso das instalacións. As reincidencias na comisión de infraccións poderán supor a anulación ou suspensión temporal ou total das reservas que se puidesen conceder ás ditas entidades.
- 5. As sancións leves pódense resolver a dirección do centro, exceptuando o apercibimento ou multa, o resto das sancións, apercibimentos ou multas solicitaráase a dirección do centro achegando a información e documentación necesaria para a súa tramitación no concello.
- 6. A dirección do centro, ou no seu caso o persoal responsable poderá adoptar as medidas necesarias para garantir o cumprimento desta normativa. No caso dun



comportamento grave, poderá expulsar a unha persoa e retirarlle o carné provisionalmente, ata que se aprobe a sanción.

C.- COMUNICACIÓN:

A resolución da sanción comunicáraselle á persoa, ou no seu caso o pai/nai ou titor/a legal, ou responsable da entidade segundo o disposto na normativa de aplicación.

PROTECCIÓN DE DATOS

ARTIGO 11º

O persoal que preste os seus servizos na piscina, sexa cal sexa o modo de xestión da mesma obrígase a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos; así como a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa de aplicación.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ARTIGO 12º

Todos os servizos da Piscina Municipal terán en conta a necesidade de normalización da lingua galega, os modelos de documentos a disposición do público serán redactados en galego, podendo estar tamén noutras linguas se son demandados. Sendo preferentemente en lingua galega:

- As comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas ou xurídicas no ámbito da Comunidade Autónoma.
- As comunicacións normais coas que o persoal do centro deportivo se dirixirá aos/ás usuarios/as.
- Os documentos públicos e os contractuais outorgados polo centro deportivo.
- A documentación que o centro deportivo dirixa a calquera das Administracións públicas dentro do territorio de Galicia.
- Toda a publicidade, información, carteis, así como as mensaxes nos medios de comunicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O funcionamento da piscina de titularidade municipal cando se xestione a través dunha empresa, rexerase polas condicións que se establezan nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas correspondentes e polas disposicións contidas neste regulamento.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.- No non previsto neste regulamento estarase ao disposto na normativa aplicable no seu caso.

Segunda.- A interpretación das normas deste regulamento a realizará a concellaría delegada competente do Concello das Pontes, que poderá ditar as instrucións necesarias para a súa aplicación.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

Terceira.- En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, este regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da citada lei.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Este regulamento derroga o Regulamento de réxime interno para a piscina municipal das Pontes de García Rodríguez publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, número 171, do 27 de xullo de 2002, e cantas normas de igual rango se opoñan ao establecido nel”.

Expido este certificado para que conste no citado expediente, coa salvidade prevista no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais), co visto e praxe do concelleiro-delegado de Deportes

O concelleiro-delegado (V.e Pr.)

Jesús Tembrás Martínez